

## Anuncio

**NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO MICROINFORMÁTICA E REDES, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS AUXILIARES, GRUPO C - SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 09 de agosto de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

*"As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.*

*A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de técnico/a medio microinformática e redes da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.*

*Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:*

*Don Jesús Miguel Ares Fraga, para ocupar a praza número 846, denominada Técnico/a Medio Microinformática e Redes, escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Medio Microinformática e Redes Entrada número 1330, vinculado á citada praza.*

*A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."*

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 13 de agosto de 2024.- O SECRETARIO XERAL, P.S A SECRETARIA-INTERVENTORA; Montserrat Conde López.

R. 2487

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 21-08-2024  
ata a día 20-09-2024  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA